

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/12/2018 13:16:40

SAIDA

15644/18

Consellería do Mar
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclamante: [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 109/2018

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación da [REDACTED], mediante escrito do 12 de setembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED] mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 12 de setembro de 2018, presentou reclamación contra a denegación por silencio administrativo da súa solicitude de información á Consellería do Mar, de información, memorias, datos, auditorías e certificacións da Campaña "Pesca de Rías onde si non " xestionada pola Xefa de Prensa da referida Consellería, e concretamente os pagos destinados á web www.riasbaixas.com desde os anos 2009 ata o día da súa solicitude ou calquera outro que se poida relacionar, e en concreto:

1.- Informes, convenios ou contratos, subvencións, de calquera tipo e de carácter público cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa da Consellería que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas.

2.- Copias das auditorías realizadas e de cada un dos pagos ou os seus informes xustificados cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa, que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas .

3) As campañas publicitarias que consten nos rexistros da Consellería relacionadas cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa, que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas, con indicación do seu importe e obxectivo, así como a solicitude e documentos que sirvan de base a esta.

4) Os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa, que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas.

5) As contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control que sobre cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa, que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas e os seus entes representativos.

6) Informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa, que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas incluído o custo dos servizos web financiados con recursos públicos.

7) Copia ou identificación do persoal público dependente de cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa, que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas e destinado a xestionar os seus fondos públicos para o efecto.

Segundo. Con data do 14 de setembro de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 8 de novembro de 2018 o reclamante remite correo electrónico no que comunica que recibiu notificación da Resolución da Consellería do Mar da que acompaña copia, e manifesta que na mesma se pretende dar resposta á súa solicitude e se anula a posibilidade de acudir ante a Comisión de Transparencia e que non responde en absoluto a súa solicitude.

Cuarto. A recepción da solicitude do expediente e informe foi recibido pola administración foi o 21 de setembro de 2018 e con data do 16 de novembro de 2018, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo informe da Secretaría Xeral da Consellería do Mar, acompañado da resolución solicitude de acceso á información e a notificación ao interesado.

No informe remitido, en síntese a Consellería manifesta o seguinte:

O interesado presentou dúas solicitudes, que tiveron entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 2 de xullo e na Consellería do Mar o 9 de xullo, unha referida aos pagos realizados á web www.riasbaixas.com desde o ano 2009 na campaña denominada "Pesca de Rías" xestionadas pola xefa de prensa [REDACTED], e a segunda referida aos pagos realizados á web www.canalriasbaixas.com desde o ano 2009 na campaña denominada "Pesca de Rías" xestionadas pola xefa de prensa [REDACTED].

Dado que os gastos referidos á campaña "Pesca de Rías" foron efectuados a unha única persoa xurídica, Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L, (CIF B36223600), de acordo co sinalado no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións comúns, dispúxose a súa acumulación e tramitación nun único procedemento.

Con posterioridade ao vencemento do prazo establecido, con data 19 de outubro de 2018, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica resolveu conceder o acceso á información á que se refiren as solicitudes presentadas, na que se indica que a xefa de prensa é persoal eventual polo que unicamente desempeña as funcións previstas no artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, polo que en ningún caso realiza actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa á súa impugnación en vía contencioso-administrativa

Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais

comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2109, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2109 establece que o procedemento para a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, tendo estas carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se tramitarán de acordo co disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2109 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2109

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2109, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información pública poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo. Dado que a Consellería do Mar non resolveu expresamente no dito prazo, a reclamación debese considerar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A normativa en materia de transparencia, tanto a normativa estatal que ten carácter básico na súa maior parte, como a autonómica, recoñecen o dereito de calquera persoa a obter información pública que conste en poder dun suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei, neste caso dun centro directivo da Xunta de Galicia, que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Os cidadáns teñen dereito pois a que se lles informe da documentación existente, creada ou adquirida para o exercicio das funcións que a normativa encomenda aos suxeitos, cos límites que estableza a normativa básica (artigo 25 da Lei 19/2013).

A Consellería do Mar, se ben fóra do prazo establecido pola normativa en materia de transparencia, mediante a Resolución do 19 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, procedeu á resolución da solicitude de acceso á información, comunicando ao interesado que a Xefa de Prensa é persoal eventual da Consellería do Mar e como tal unicamente desempeña as funcións previstas no artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, polo que en ningún caso realiza actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira, e sen prexuízo do anterior, concede o acceso á información referida aos pagamentos, desagregados por conceptos e anualidades, dende desde o ano 2009 ata este momento, da campaña "Pesca de Rías" á Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L.

De acordo co anterior, a Consellería, respondeu adecuadamente á solicitude comunicando que a xefa de prensa non realiza funcións de xestión ou de carácter técnico, e por outra banda, proporcionoulle ao solicitante información sobre os pagos realizados na referida campaña, sen que se poidan compartir as manifestacións do reclamante no seu escrito do 8 de novembro de 2018, no senso de que non se respondeu á súa solicitude, xa que da resolución da Consellería facilmente se pode concluír que a xefa de prensa, ao ser persoal eventual, non intervéñ nos contratos, convenios, subvencións etc, e por outra e en contra do que manifesta o recorrente, non se lle anula a posibilidade de acudir ante a Comisión de Transparencia, xa que a propia resolución informa ao reclamante da posibilidade de interpoñer recurso contencioso-administrativo, ou ben potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo (Comisión de Transparencia de Galicia).

Por outra banda, na reclamación presentada o recorrente fai valoracións e acusacións sobre a xestión de distintos órganos da referida Consellería, peticións de información xenéricas e confusas, sobre as que non procede que esta Comisión entre a valorar, dado que non se refiren a informacións denegadas ou sobre as que se limitase o seu dereito de acceso á información pública por parte do referido órgano da Administración Autonómica.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED], contra a denegación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información referente aos convenios da Campaña "Pesca de rías de Onde se non".

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga